EXERCICIOS AUTOAVALIABLES DE APOIO

1.- Di se as seguintes afirmacións son correctas "C" ou falsas "F". De non ser correctas, corríxeas e escríbeas de maneira adecuada.

1. Nos séculos XII e XIII, a Coroa de Castela outórgalles aos municipios de maior tamaño a categoría de *villas e ciudades* (o que lles confería amplas atribucións no eido político e administrativo) e que no século XV comezaron a denominarse provincias.

2. Os plantexamentos absolutistas dos borbóns, xunto co ideario ilustrado da racionalidade, eficacia e uniformación obrigaron a un replantexamento da organización territorial e administrativa dos antigos reinos e ao establecemento dun novo marco provincial para mellorar a eficacia recaudatoria.

3. A división provincial de 1833, de marcado carácter centralista, foi criticada por aqueles sectores ideolóxicos que defendían a necesidade dun estado descentralizado e de que as rexións históricas asumiran diferentes competencias.

4. A misión principal das Deputacións provincias é proporcionar os servicios básicos aos residentes de cada concello .

5. As competencias reflectidas no artigo 149 da CE españolas son de competencia exclusiva, non compartidas por tanto, das Comunidades Autónomas.

6. Os conselleiros que, xunto cos presidentes, compoñen o poder executivo nas distintas CC.AA. serán escollidos cada catro anos polos cidadáns mediante sufraxio directo, secreto e libre.

7. As parroquias entendidas como entidades supramunicipais propias de Galicia perderon importancia como elemento organizador da poboación e do territorio.

8. A Lei de Desenvolvemento Comarcal de Galicia aprobada no 1995 perseguía empregar a comarca como un medio eficaz para acadar, partindo da dinamización dos recursos endóxenos de cada zona, un desenvolvemento territorial equilibrado, evitando un crecemento desmesurado de determinados centros urbanos, corrixindo o atraso económico e demográfico de áreas específicas e facendo máis eficiente a administración local naqueles concellos máis pequenos

2.- Emparella os elementos da esquerda cos da dereita empregando para elo a táboa inferior

A	Empréganse para ordenar áreas máis ou menos iguais que requiren unha organización especial	**1**	Ocupa esta 51000 km^2, alberga a 6,4 millóns de persoas e nace coa finalidade de crear un territorio competitivo e atractivo para as inversións económicas. Para lograr este obxectivo traballarase na conformación dunha axeitada infraestrutura turística e na modernización das vías de comunicación
B	As Directrices Ordenación Territorial (DOT)	**2**	Tentan definir o camiño a seguir para chegar a ter un territorio máis integrado, sostible e equilibrado que facilite o desenvolvemento económico do país
C	MENR	**3**	Os Plans Territoriais Integrados (PTI)
D	Son os instrumentos máis importante de planificación xa que fixan as pautas a seguir nesta materia e convértense na referencia obrigada de todos os instrumentos normativos de xerarquía inferior	**4**	Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional
E	Eurorrexión Galicia – norte de Portugal	**5**	Creouse en 1980 Para facer efectivo a solidarideade interrexional.
F	Ten como misión facilitar a cohesión socioeconómica na UE e corrixir os desequilibrios entre rexións. Intervén nos seguintes obxectivos da política rexional: converxencia, competitividade e emprego e cooperación territorial europea. Estratéxico Nacional de Referencia) e dende as CC.AA. os Programas Operativos	**6**	Plan que debe realizar Estado para poder beneficiarse dos fondos de cohesión.
G	Fondo Social Europeo	**7**	Fondo de Cohesión
H	Favorece o crecemento económico e a converxencia real dos estados membros con menor nivel de desenvolvemento, aqueles que posúen un PIB inferior ao 90% da media comunitaria. Intervén no obxectivo da converxencia.	**8**	Os incentivos rexionais
I	Son axudas que o Estado dá para o investimento empresarial en áreas concretas	**9**	Pretende mellorar o emprego e as posibilidades de emprego na UE. Intervén nos obxectivos de converxencia e competitividade e emprego.
K	Fondo de Compensación Interterritorial	**10**	Directivas ou Plans Territoriais

A		**B**		**C**		**D**		**E**		**F**		**G**		**H**		**I**		**K**	

3.-Define brevemente as seguintes expresións:

Phasing – ou.:
Phasing –in.
Obxectivo de Converxencia.
Obxectivo de Competitividade rexional e emprego
Obxectivo de Cooperación territorial europea

RESPOSTAS

Exercicio 1

1. Nos séculos XII e XIII, a Coroa de Castela outórgalles aos municipios de maior tamaño a categoría de *villas e ciudades* (o que lles confería amplas atribucións no eido político e administrativo) e que no século XV comezaron a denominarse provincias------**C**-----

2. Os plantexamentos absolutistas dos borbóns, xunto co ideario ilustrado da racionalidade, eficacia e uniformación obrigaron a un replantexamento da organización territorial e administrativa dos antigos reinos e ao establecemento dun novo marco provincial para mellorar a eficacia recaudatoria------**C**-----

3. A división provincial de 1833, de marcado carácter centralista, foi criticada por aqueles sectores ideolóxicos que defendían a necesidade dun estado descentralizado e de que as rexións históricas asumiran diferentes competencias ------**C**-----

4. A misión principal das Deputacións provincias é proporcionar os servicios básicos aos residentes de cada concello ------**F**-----

(A misión principal das Deputacións provincias é a prestación de servicios supramunicipais)

5. As competencias reflectidas no artigo 149 da CE españolas son de competencia exclusiva, non compartidas por tanto, das Comunidades Autónomas ------**F**-----

(As competencias reflectidas no artigo 149 da CE españolas son de competencia exclusiva da Administración Xeral do Estado)

6. Os conselleiros que, xunto cos presidentes, compoñen o poder executivo nas distintas CC.AA. serán escollidos cada catro anos polos cidadáns mediante sufraxio directo, secreto e libre. ------**F**-----

(Os conselleiros serán nomeados e cesados polos seus presidentes, non polos cidadáns)

7. As parroquias entendidas como entidades supramunicipais propias de Galicia perderon importancia como elemento organizador da poboación e do territorio -----**F**---

(É certo que as parroquias perderon importancia na organización social e territorial de Galicia, pero no é unha entidade supramunicial senón submunicipal, xa que están conformadas por menos entidades de poboación que as que compoñen os concellos)

8. A Lei de Desenvolvemento Comarcal de Galicia aprobada no 1995 perseguía empregar a comarca como un medio eficaz para acadar, partindo da

dinamización dos recursos endóxenos de cada zona, un desenvolvemento territorial equilibrado, evitando un crecemento desmesurado de determinados centros urbanos, corrixir o atraso económico e demográfico de áreas específicas e facer máis eficiente a administración local naqueles concellos máis pequenos -------**C**-----

Exercicio 2

A	3	**B**	2	**C**	6	**D**	10	**E**	1	**F**	4	**G**	9	**H**	7	**I**	8	**K**	5

Exercicio 3

1. *Phasing – out*: rexións de efecto estatístico, saíron do obxectivo de converxencia, máis que polo seu desenvolvemento polo descenso da media do PIB europeo tras as últimas ampliacións da UE. Son aquelas cuxo PIB é inferior á media comunitaria da UE 15 pero superior á media da UE 25. Benefícianse do obxectivo converxencia durante un período transitorio.

2. *Phasing –in:* rexións de efecto crecemento, aquelas que antes do 2007 estaban entre as rexións menos desenvolvidas e que abandonaron esa posición polo seu propio crecemento. Son aquelas que estaban cubertas polo obxectivo 1 en 2006 e cuxo PIB excede o 75% da media da UE 15.

3. Obxectivo de Converxencia: basicamente pretende establecer unhas condicións básicas para lograr un crecemento tal que leve a unha verdadeira converxencia dos estados e das rexións menos desenvolvidas.

4. Obxectivo de Competitividade rexional e emprego: trata de incrementar a competitividade, o atractivo das rexións mediante dous piares básicos:
   a. Promovendo o cambio económico mediante a innovación e o fomento da sociedade do coñecemento
   b. Adaptando a man de obra e investindo en recurso humanos para chegar a crear máis e mellores postos de traballo.

5. Obxectivo de Cooperación territorial europea: financiará a cooperación fronteiriza, transnacional e interrexional.